

CAMARENA LAUCIRICA, Julio, Maxime CHEVALIER, José Luis AGÚNDEZ GARCÍA, Ángel HERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, Anselmo J. SÁNCHEZ FERRA. *Catálogo tipológico del cuento folklórico hispánico*. Volumen V. *Cuentos del ogro tonto*. Guadalajara: Palabras del candil, 2022, 352 p.

### **Contos do demo (xigante) parvo de Camarena, Chevalier et allii**

Camiño NOIA CAMPOS

Universidade de Vigo

Dende mediados do século XIX fóronse acumulando importantes cantidades de materiais de tradición oral en varios países europeos, primeiro en coleccións escritas e xa avanzado o século XX en milleiros de gravacións. Para organizar parte dese material e acometer estudos xeográficos e histórico-comparativos, na primeira década do século XX, a Escola de Folclore da Universidade de Helsinki promove a creación dun índice de narrativa. Encárgallo ao folclorista Antti Aarne, e en 1910 publícase o primeiro volume do que será un índice de narrativa oral, *Verzeichnis der Märchentypen*, no número 3 dos *Folklore Fellows Communications* (FF). Continúa o traballo o americano Stith Thompson ao morrer Aarne prematuramente. Thompson amplía aquel primeiro listado de contos, clasifícaos e organizaos en apartados e subapartados e, en 1928 e 1961, publica *The Types of International Folktales. A Classification and Bibliography* (AT), en inglés.

A partir da edición de 1961 (FFCommunications 184), os criterios de clasificación, os métodos e as técnicas de traballo deseñadas pola Escola de Folclore de Helsinki convertéronse no sistema de ordenación básica para os contos populares en todo o mundo, malia deixaren sen clasificar numerosos contos de países do sur de Europa.

Con todo, ata máis ou menos os anos 80, nos diversos territorios peninsulares poucos colectores de contos populares coñecían o traballo da devandita Escola nin o catálogo de Aarne-Thompson. O interese pola clasificación chegaría a partir da catalogación dos contos das áreas lingüísticas españolas publicada por Julio Camarena e Maxime Chevalier.

Iso sucedeume a min, que son filóloga de formación, cando me dispuxen a recoller contos polas aldeas do sur de Galicia co meu alumnado da Facultade de Filoloxía e Tradución nos inicios da década dos anos noventa do século pasado. O meu obxectivo era facer unha antoloxía de contos gravados directamente da oralidade. Non coñecía nada sobre clasificación de narrativas populares. Foi no proceso de transcrición e selección de contos entre os etnotextos (romances, lendas, crenzas...) que traíamos nas nosas gravacións, cando sae publicado o *Catálogo tipológico del cuento folklórico español, Cuentos maravillosos* (1995), de Julio Camarena e Maxime Chevalier, e dous anos despois o de *Cuentos de animales*. Eses libros foron unha revelación para quen, coma min, iniciaba en solitario e sen escola previa a tarefa de folclorista. Nas súas páxinas facíase referencia a contos galegos e mesmo había algúns semellantes aos que nós estabamos transcribindo. O catálogo de Camarena-Chevalier pareceume o modelo axeitado para presentar os contos inéditos galegos. Lamentaba que o catálogo non estivese completo, mais alí descubrín a existencia de AT e de Boggs, entre outros índices.

Imitei a estrutura dos volumes do *Catálogo* español e, segundo o seu criterio, ordenei e clasifiquei os contos recollidos da oralidade. Pareceume interesante

catalogalos para poder chegar a unha uniformidade na presentación dos datos que facilitase análises comparativas de contos de distintas áreas lingüísticas. O resultado foi a antoloxía de *Contos galegos de tradición oral* (2002), na que co meu descoñecemento na materia cometín erros na clasificación que fun corrixindo en posteriores publicacións.

En 2003 publícanse no Centro de Estudios Cervantinos os volumes III e IV do *Catálogo tipolóxico del cuento folklórico español*, os *Cuentos religiosos* e os *Cuentos-novela*, coa mesma estrutura dos anteriores, mais de formato diferente. A publicación dos catro volumes do *Catálogo* foi unha importante ferramenta para o meu traballo e para o dos folcloristas españois e portugueses. O feito de que Camarena e Chevalier se ocupasen de contos das catro linguas utilizadas en España mobilizou a colectivos e estudantes universitarios na clasificación dos contos da súa área lingüística ou da súa provincia. Que eu saiba, están feitos os de contos: aragoneses (1996), cataláns (2003-2008), portugueses (2006-2015), galegos (2010-2021) e murcianos (2013). E, como sinala José Manuel Pedrosa no texto que vai no inicio deste libro: «Visto con certa perspectiva histórica, se puede empezar ya a afirmar que las décadas finales del siglo XX y las iniciales del XXI pasarán a la historia de la folclorística como una edad de auge de los catálogos tipológicos de cuentos tradicionales...».

Non cheguei a coñecer persoalmente a Julio Camarena nin a Maxime Chevalier, mais gardo deles a súa imaxe de boas persoas e de entusiastas folcloristas a través de Isabel Cardigos, amiga do primeiro, e de Josiane Bru, amiga de Chevalier. Ambas me falaron da súa simpatía e da idea que cada un tiña sobre a clasificación de contos.

Á morte de Camarena, en 2004, e tres anos despois, en 2007, a de Chevalier, o *Catálogo tipolóxico del cuento folklórico español* fica sen rematar. Camarena deixa o profesor José Manuel Pedrosa da Universidade de Alcalá como depositario dos seus arquivos e do traballo xa feito para os volumes que faltan. E dezaioito anos despois publícase o V volume de *Cuentos del ogro tonto* grazas á xenerosidade de tres folcloristas («editores» neste texto) cun amplo currículo na recollida, análise e clasificación de contos. José Luis Agúndez, autor de dous extensos volumes de contos sevillanos, clasificados e acompañados dun comentario, ademais doutros traballos sobre folclore andaluz e castelán. Ángel Hernández é autor do *Catálogo tipolóxico de cuentos murcianos* (2013), doutros libros máis e de dúcias de artigos, e Anselmo Sánchez Ferra, tamén autor de antoloxías de contos murcianos e de numerosos artigos sobre folclore. Cómpre agradecerlles, pois, o seu traballo de revisión e ampliación do volume, que sei que non foi doado pola complexidade dos «contos do amo (demo, xigante) parvo» que adoitan contarse con episodios encadeados, completos e pechados en si mesmos; episodios que poden cambiar de orde nas distintas versións de contos deste apartado como sinalan os editores na «Nota aclaratoria». Máis ca un tipo, cada conto é, en realidade, unha cadea de tipos. Serve de exemplo, a versión do tipo 1000, «Contrato de non enfadarse», recollida en Ciudad Real por Camarena, un conto que leva unidos os tipos 910, 1011, 1004 e 1029. Un dos tres irmáns dunha familia pobre marcha buscar traballo; fai un contrato cun amo (home, demo, xigante) de non poder berrar entre eles; nos episodios centrais o criado destrúe a propiedade, vende os porcos do amo e enterra os rabos e, no último, mata a ama cando está cantando como o cuco. A sentenza final é que o heroe pobre e inferior se impón sobre o amo poderoso mais estúpido.

Catalogar contos do ogro estúpido precisa tempo e paciencia para descubrir os tipos que corresponden ás diferentes versións. E os editores, que revisaron os contos do material elaborado por Julio Camarena e incluíron novas versións españolas e hispanoamericanas con tipos ATU, sen dúbida que a tiveron. Respetaron a estrutura da colección deseñada por Camarena e a clasificación proposta para doce contos hispanos non catalogados en AT. Ampliaron tamén o número de referencias bibliográficas.

O cambio esencial, na miña opinión, está no título, no que se substitúe o adxectivo «español» por «hispano». Segundo din os editores na «Presentación» da obra tratando de integrar no catálogo a abundante tradición narrativa hispanoamericana:

Otorgar privilexios al cuento español no era una opción razonable, y más en un tiempo en que es Hispanoamérica la tierra que aporta más y mejor cosecha de cuentos. En definitiva, que con esta decisión buscamos propiciar que la investigación actual, y más aún la futura, sobre el cuento tradicional en nuestra lengua, descansa sobre una base imparcial y equilibrada, y dé al inmenso patrimonio cuentístico del folclore hispanoamericano el realce que le corresponde.

Unha decisión, sen dúbida, integradora. Mais, co cambio de adxectivo no título rómpese a unidade do conxunto da obra; xa non é o *Catálogo tipolóxico del cuento folklórico español* dos volumes anteriores, agora será do «hispano». Por outra parte, se ben neste volume hai máis referencias ca nos anteriores ás antoloxías hispanas, os exemplos de conto-tipo en lingua española son máis do dobre dos procedentes de antoloxías hispanas, 47 fronte a 17 (catro en inglés). Do resto das linguas peninsulares segue habendo poucos exemplos: 8 en euskera e en catalán, 4 en galego, 1 en galego-leonés e 1 en xudeo-español.

Os editores indican que nos exemplos do conto-tipo procuraron ofrecer só «las colecciones primarias de cuentos tradicionales que sean frutos de labores directas, de alta calidad etnográfica, de trabajo de campo [...] No obstante, en algún caso ha sido necesario hacer una excepción a esta regla: cuando no hemos dispuesto de etnotextos para ejemplificar un determinado tipo». Sen dúbida, a excepción converteuse na norma por necesidade. Non dubido de que as versións de Camarena e as recollidas polos editores procedan de «coleccións primarias», entendendo por tales as que respectan as características da lingua falada dos e das informantes, mais, dubido que o sexan as recollidas nas antoloxías hispanoamericanas; e podo afirmar, por coñecelas ben, que as dos contos galegos de Lois Carré e de Eusebio Poncelas, dos que hai exemplos neste volume, son edicións «letradas», por non dicir «manipuladas». En xeral, as antoloxías de contos orais teñen a lingua corrixada, como moito conservan os trazos dialectais do lugar de orixe, mais non os elementos da fala.

Sinaladas esas pequenas cousas, o traballo de Agúndez, Hernández e Sánchez, creo que está feito con coñecemento do material analizado, rigor académico e criterios atinados. E, como di o profesor Pedrosa, un catálogo de contos orais nunca pode ser perfecto, «dado que o obxecto de clasificación é materia inestable e fluída». E este é case perfecto e vai sernos de grande utilidade para quen nos dedicamos á catalogación de contos, ademais de lectura gozosa para aqueles que gustan dos contos tradicionais.

Para finalizar comentarei dúas ideas expresadas por Pedrosa no longo artigo inicial, cando fala da amizade entre Camarena e Chevalier e no comentario sobre os contos do «ogro tonto». Di el. «Cabe comprender [...] el impacto que tuvo en la vida y en la obra de Chevalier el encuentro, en el arranque de la década de 1980, con Julio Camarena, joven y entusiasta folclorista». Ben certo, insisto eu, o economista de formación e profesión debeu ficar impresionado perante os saberes literarios do sabio filólogo hispanista, vinte e catro anos maior ca el. E, cos datos que teño, achegados por persoas que o trataron, atrévome a dicir que Maxime Chevalier, entusiasta cos contos tradicionais españois, mostraba un total desinterese pola súa clasificación. Realmente, a clasificación dos contos débese só a Camarena; Chevalier, con grande coñecemento da narrativa castelá, colaborou con el achegándolle información, datos literarios e opinións. E non hai dúbida de que a cooperación entre o filólogo e o etnógrafo foi esencial para a realización do catálogo. Julio Camarena quixo agradecerlle ao amigo francés a axuda intelectual facéndoo coautor do seu *Catálogo tipológico del cuento folklórico español*.

Respecto ao segundo comentario de Pedrosa, concordo plenamente co que di no apartado «La gran paradoja: Un catálogo de Cuentos del Ogro en el que no hay ogros». Penso que o V volume se podería titular «Cuentos del diablo (gigante) tonto», poñendo os nomes dos seres míticos do imaxinario popular das áreas lingüísticas «hispanas», como fixeron Isabel Cardigos e Paulo Correia no *Catálogo dos contos tradicionais portugueses* (2015).

Os meus parabéns aos artífices deste novo volume do *Catálogo* español / hispano, que, con entusiasmo e paciente dedicación en longas horas traballo, sacaron á luz unha parte do importante material recollido no delongado traballo folclórico de Julio Camarena. Anímoos a que continúen neste labor para sacar á luz os volumes que faltan.